

TU COMPAÑÍA MÓVILES UN LÍO

▲
▼

129,90 €

▶

farodevigo.es » **O Morrazo**

Suscriptor

0 0

Dende a pedagogía

Limiar Teatro confía na personalidade do retratado para espertar o interese do público

Manuel Xestoso* | 07.07.2016 | 02:41

Quizais forma parte da idiosincrasia galega: malia as miles de páxinas escritas sobre el e malia a súa enorme importancia para a cultura e o pensamento deste país, Castelao segue a ser un gran descoñecido para a maioría da poboación. A lingua na boca semella partir da convicción de que existe un exceso de solemnidade na forma en que tratamos a súa figura, un superávit de seriedade que estorba o entendemento. E, daquela, opta por presentar un perfil máis persoal e afastado da pompa con que se adoita falar da súa herdanza.



Un momento da representación de "A Lingua na boca", de Limiar, na Praza do Costal. // Gonzalo Núñez

É só un retrato posible, que conta coa vantaxe comercial de evitar posicionamentos políticos cos que unha parte do público podería sentirse incómodo. Sacrifícase unha parte do legado intelectual de Castelao en favor da pedagogía: a teoría di que un achegamento máis humano propicia unha maior empatía. E, a fin de contas, por que non: a imaxe à la Warhol de Rosalía fixo tanto pola difusión da súa personalidade coma varios grosos volumes sobre a súa vida e obra. Ou talvez máis.

Asistimos daquela a un relato sobre o rapaz que acaba a carreira de médico por amor a seus pais pero que non exerce "por amor à humanidade"; sobre amoríos e bailes nas festas de Rianxo; sobre a sede de coñecemento dun mozo que viaxa constantemente (a xente viaxada goza de moi boa reputación ultimamente) pero que sempre sitúa o seu país, Galiza, no centro das súas preocupacións. Búscase un retrato ancorado na contemporaneidade que sexa quen de xerar afecto e adhesión. Ou, polo menos, que non suscite rexeitamento. A estas alturas, cando tanto preuizoo aínda anda ceibo, non se pode dicir que sexa unha estratexia superflua. Aínda que na reivindicación desa lingua que esmorece e que lle dá título ao espectáculo, as cautelas son tantas que apenas se percibe a importancia esencial da cuestión. Para Castelao e para nós.

Limiar Teatro é unha compañía relativamente nova que ataca pola parte escénica do mesmo xeito que pola parte teórica: desprexuiadamente, dándolle máis importancia ao discurso que á corrección da caligrafía con que se escribe. Confía na personalidade do retratado para espertar o interese do público e deixa que o espectador poña os detalles que faltan. Non explicita as conclusións pero mostra meticolosamente o itinerario que hai que seguir para chegar a elas. E con eses vimbios e moita música constrúe unha velada de cabaré literario no que todo discorre con comodidade e sen sobresaños.

*Crítico teatral

[Compartir en Facebook](#)

[Compartir en Twitter](#)

Temas relacionados:

- De Castelao
- Dende
- Idiosincrasia
- Malía

500 UNIDADES SOLO AGOSTO

DESCÚBRELO



ELEGIR VARIEDADES

Ford Kuga con TRACCIÓN INTELIGENTE

DESCÚBRELO

Cupónísimo

26,95€

Promociones Faro de Vigo

Chaqueta del R. C. Celta de Vigo

Más ofertas en cuponismo.farodevigo.es

RENOVAMOS EXPOSICIONES

500 UNIDADES SOLO AGOSTO



DESCÚBRELO

Enlaces recomendados: Premios Cine

El tiempo	Iberanuncio	Fórmula 1	Localización	Suscripción papel
Tráfico en Vigo	Ibercoches	Premios Cine	Promociones	
Cartelera de cine	Iberempleo	Olimpiadas 2016	Club Faro de Vigo	
Celta de Vigo	Cambalache		Aviso legal	
			Política de cookies	
			RSS	

[Otras webs del Grupo Editorial Prensa Ibérica](#)

Otras webs del Grupo Editorial Prensa Ibérica

[Diari de Girona](#) | [Diario de Ibiza](#) | [Diario de Mallorca](#) | [Empordà](#) | [Faro de Vigo](#) | [Información](#) | [La Opinión A Coruña](#) | [La Opinión de Málaga](#) | [La Opinión de Murcia](#) | [La Opinión de Tenerife](#) | [La Opinión de Zamora](#) | [La Provincia](#) | [La Nueva España](#) | [Levante-EMV](#) | [Mallorca Zeitung](#) | [Regió 7](#) | [Superdeporte](#) | [The Adelaide Review](#) | [97.7 La Radio](#) | [Blog Mis-Recetas](#) | [Euroresidentes](#) | [Lotería Navidad](#) | [Premios Cine](#)

© Faro de Vigo, S.A. Todos los derechos reservados.

[Aviso Legal](#) | [Política de Privacidad](#) | [Política de Cookies](#)